

## Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

**Yolanda Díaz Pérez**, deputada do **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión**, relativa a **situación de colapsos dos arquivos xudiciais e das labouras de expurgo**.

Así reza o decreto 937/2003, do 18 de xullo, de modernización dos arquivos xudiciais:

*“Una oficina judicial saturada de expedientes difíciles de ubicar o archivar, con la consiguiente dificultad para encontrarlos en ocasiones produce en la sociedad la imagen de una justicia lenta e ineficaz.”*

*“Es necesario fijar un sistema de gestión y custodia de la documentación judicial por el que se descongestionen los diferentes juzgados y tribunales, otorgando a cada uno de ellos su propio archivo con el que clasificar y custodiar todos aquellos expedientes que se encuentren en tramitación. Por el contrario, los que no están pendientes de tramitación se podrán enviar a los archivos territoriales o centrales o, en su caso, a la Junta de Expurgo, evitando así que ocupen un espacio innecesario.”*

Lonxe resta a Xunta de ter conquirido os obxectivos enunciados: a falla de medios materiais, de persoal de plantilla e de tempo para proceder a realizar en condicións axeitadas ao expurgo dos documentos que se acumulan dende hai décadas nos xulgados do país é elocuente.

As dependencias onde se amorea a documentación xudicial de hai décadas adoitan seren espazo insalubres e de dimensións claramente insuficientes, proclives a lumes e inundacións. Dependencias onde todos os días se vulneran os dereitos da cidadanía, porque nese caos de papel resta unha odisea atopar a documentación que a cidadanía poida precisar e que confiou á administración de xustiza. U-las grandes naves que ían configurar a rede de arquivos xudiciais territoriais?

A constitución da xunta de expurgo na nosa comunidade segue sen vigor algún e nas tebras da opacidade. Ao ritmo actual e cos insuficientes recursos materiais e humanos adicados a estas tarefas non hai posibilidade de solucionar o colapso dos arquivos.

A Xunta de Galicia ten a competencia para dotar de medios e persoal para cometer esta tarefa. Polo tanto é responsabilidade súa a falla de persoal especializado e laboral e de resultados delo que os traballos que corresponden a arquivistas e secretarios xudiciais recaian en traballadores e traballadoras de xustiza sobrecargando as súas labores específicas. O decreto 46/2009, do 26 de febreiro, sinala no seu punto 2.2 que a secretaría xudicial disporá dos recursos materiais, técnicos e humanos precisos que lle facilite a consellaría, coa coda das disponibilidades orzamentarias, cláusula que resta toda eficacia ao decreto.

A solución non é a que formula a Xunta, a saber, que o actual persoal de plantilla adique parte do seu tempo de traballo a este procedemento de selección e expurgo. O nomeamento dos arquivistas provinciais precisa de persoal laboral para o traslado dos expedientes. E aí chegamos á clave: a Xunta non convoca oposicións nen oferta pública de emprego hai catro anos. Todo o contrario, a xustiza galega perdeu uns 150 traballadora e traballadores por non cubrir as vancantes. As baixas ou non se cubren o a cobertura é a destempo. E a modernización dixital é un artificio publicitario, cun programa Minerva sen interconexións.

Para Alternativa Galega da Esquerda falla transparencia, necesítase formación, novos medios materiais e a ampliación das plantillas. Sen estes elementos padece a organización racional e a conservación axeitada dos arquivos xudiciais galegos. Padece o dereito da cidadanía galega á xustiza propia dun Estado democrático no século XXI.

Polo antedito, o grupo parlamentar da AGE formula a seguinte interpelación:

- Cal é a relación dos recursos materiais, humanos e económicos achegados pola Xunta de Galicia á Xunta de Expurgación para o desenvolvemento das tarefas que ten encomendadas?
- Cal é a valoración crítica que fai o goberno galego da aplicación do decreto do expurgo galego?
- Que actuacións de urxencia vai acometer a Xunta para superar o colapso dos arquivos xudiciais?

- Vai atender o goberno galego as suxestións e demandas sindicais relativas a proveer como reforzos itinerantes dúas prazas de persoal funcionario por provincia, a priorización por parte dos decanatos para que o persoal laboral e de mantemento atenda de xeito preferente os arquivos ate a superación do actual colapso, a incorporación dunha representación sindical na xunta de expurgo e máis a realización dun curso de formación para o corpo de auxilio?
- Dada a insuficiencia manifesta que presentan as pequenas salas das audiencias provinciais adicadas a arquivos, vai dotar a Xunta a rede de arquivos con catro grandes arquivos provinciais dispostos en grandes naves levantadas aos efectos de poder atender as funcións recollidas no artigo 6, da orde do 4 de setembro, que determina o comezo das actividades dos devanditos arquivos?
- Que orzamento e prazos manexa o goberno galego para concluír este proceso?

Compostela, 19 de xaneiro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

**Asinado dixitalmente por:**

**Yolanda Díaz Pérez na data 19/01/2015 13:51:12**